



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/2	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	20 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 12:35 ata as 13:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	NON
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA



Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas o 30 de decembro de 2019 e 13 de xaneiro de 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os borradores das actas da Xunta de Goberno Local realizadas os días 30 de decembro de 2019 e 13 de xaneiro de 2020.

Expediente 7319/2019. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.L.F. na que demanda a colocación de sinal de pasaxe permanente para a entrada o garaxe sito en Tobal nºX, San Roque.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 09.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"... se informa por parte desta policía local que non existe inconveniente en conceder o pasaxe permanente".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por J.L.F., para sinalización de pasaxe permanente.

(O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal).

Expediente 34/2020. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.R.N. na que demanda a instalación de sinal de pasaxe permanente para a súa propiedade sita en rúa Seixo nº X-Darbo.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 09.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"... por parte da policía local non existe inconveniente en conceder o pasaxe permanente solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por M.R.N., para sinalización de pasaxe permanente.

(O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de



primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal).

Expediente 6701/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.R.D., en calidade de administrador da "Comunidad de Propietarios Los Pinos 7", onde solicita o pintado de liña amarela na beirarrúa da rúa Os Pinos, nº X.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto en data 09.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"... non procede o pintado de liña amarela posto que a beirarrúa ten un ancho suficiente (1m). Deberán en todo caso modificar a entrada o inmueble".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe desfavorable emitido ao respecto pola policía local, acorda rexeitar a solicitude realizada por M.R.D., para pintado de liña amarela en rúa Os Pinos, nº X.

Expediente 6960/2019. Solicitud de baixa de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.A.G.F. na que demanda a baixa de sinal de pasaxe permanente para a súa propiedade sita en Camiño Castiñeira, nº X-O Hío.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 11.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"... Que segundo a solicitude de baixa de pasaxe permanente nº 617 presentada, por parte dos axentes se informa que no camiño Castiñeira, nº X, non existe rebaixe da beirarrúa nin ningún tipo de sinalización, polo que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

O solicitante xa fixo entrega da placa de pasaxe permanente deteriorada co nº 617".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude realizada por M.A.G.F., para baixa de sinalización de pasaxe permanente, coas seguintes condicións:

1ª) Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen



o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

2ª) Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

Expediente 32/2020. Solicitud de baixa de sinalización vertical e horizontal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por O.A.G., na que demanda a baixa de sinal de pasaxe permanente nº 1089 e retirada de liña amarela para a Avda. de Vigo nº X, por cambio de domicilio.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 14.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

".... Se informa que por parte desta policía non hai inconveniente en acceder ao solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por O.A.G., para baixa de sinal de pasaxe permanente nº1089 e retirada de liña amarela na Avda. de Vigo, nº X, coas seguintes condicións:

[1][2][3][4]1ª) Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

2ª) Que por parte do/da interesado/interesada se proceda á devolución da placa de referencia no departamento de tesourería.

3ª)[5][6][7][8] Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

Expediente 7148/2017. Proposta da xefa de urbanismo para rectificación de erros en licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

De conformidade co previsto no art. 172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais formulo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN á Xunta de Goberno Local para CORRECCIÓN DE ERROS na redación do acordo da licenza primeira ocupación outorgada en sesión 13.01.2020 no seguinte expediente de obras:



Detectado un erro na redacción do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 13.01.2020, relativo ao expediente nº 7148/2017, no que se concede licenza de primeira ocupación no sentido en que, onde di: "...para unha vivenda unifamiliar sita en rúa Sol, nº X-Cangas", debe dicir: "para edificio comercial sito en rúa Sol, nº X-Cangas", de acordo coa documentación de data 2 de maio de 2019.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, PROPOÑO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 7148/2017.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a C.M.M., con enderezo na Avda. de Ourense, nº X-Cangas, para edificio comercial sito en rúa Sol, nº X-Cangas (referencia catastral X), construído ao abeiro da licenza municipal nº 7148/2017, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal do PEPRI de data 26 de decembro de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 3 de xaneiro de 2019, logo do informe favorable da "UTE Gestión Cangas".

Expediente 2086/2019. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2086/2019.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promoven, F.P.R., M.M.A.L. e A.B.I., titulares dos DNI nº ***9892**, DNI nº ***5940** e DNI nº ***1470**, en data 3 de abril de 2019, rexistro de entrada electrónico nº 543, consistente en parcelar un predio inicial de 404,00 m²., sita en Castelo-Darbo (referencia catastral X), en catro parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico F.M.L. de data abril de 2019, para a súa posterior agrupación no mesmo acto a dúas parcelas existentes. As dúas parcelas edificables resultantes se agruparán as resultantes do expediente de parcelación nº 3001/2017, que se corresponden coas seguintes referencias catastrais nº X e nº X.

Vistos os informes técnicos, propónse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por F.P.R., M.M.A.L. e A.B.I., consistente en parcelar un predio inicial de 404,00 m²., sita en Castelo-Darbo (referencia catastral X), en catro parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico F.M.L. de data abril de 2019 e a posterior agrupación de dúas delas as resultantes do expediente de parcelación nº 3001/2017, que se corresponden coas seguintes referencias catastrais nº X e nº X.

Desta parcelación resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 125,00 m²., parcela 2 de 251,00 m²., a parcela 3 de 19,00 m²., e a parcela 4 de 9,00 m²., estas dúas últimas de cesión para ampliación do vieiro. As parcelas 1 e 2 neste mesmo acto se agrupan ás resultantes do expediente nº 3001/2017, quedando as seguintes superficies netas: parcela 1 de 769,00 m²., e parcela 2 de 895,00 m².

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao



Concello de Cangas

Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 28,00 m2. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

Expediente 6313/2018. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6313/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove M.I.G., titular do DNI nº ***3395**, con domicilio a efectos de notificacións na Avda. de Lugo, nº X-Cangas (referencia catastral X), consistente en parcelar un predio inicial de 951,73 m2., sito en Balea–Darbo, en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico E.C.M. de data decembro de 2018 e documentación complementaria de data 07.03.2019 e 13.11.2019.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por M.I.G., para parcelar un predio inicial de 951,73 m2., sita en Balea–Darbo (referencia catastral X), en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico E.C.M. de data 12/2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela A de 386,38 m2., na que existen unha vivenda unifamiliar, a parcela B de 286,77 m2., e a parcela de 278,58 m2., de cesión para ampliación do vieiro.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 278,58 m2. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

Expediente 3806/2019. Licenza de legalización urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Informe-proposta para devolución de aval da obra “Preparación e acondicionamento de camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós e contención e recollida de pluviais en Ourelo-Darbo”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe de data 13.01.2020, referente a solicitude devolución de aval de 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL', polo contrato de “Preparación e acondicionamento de camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós e contención e recollida de pluviais en Ourelo-Darbo, que é como segue:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



"INFORME DO DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS

PRIMEIRO.- En data 1 de xullo de 2019, ten entrada polo rexistro municipal, solicitude de devolución de aval bancario asinado por 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL', con CIF nº B27802503, do contrato de obra 'Reparación e acondicionamento camiños titularidade municipal, Ponte Bouzós, contención e recollida pluviais Ourelo-Darbo" (Expte. 264/2017).

SEGUNDO.- En data 13 de xaneiro de 2020 a tesourería municipal emite o seguinte informe:

'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso de garantía a nome de 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL' (B27802503) por importe de catro mil oitenta e seis euros con corenta e nove céntimos (4.086,49 €) e co seguinte texto: 'AVAL ABANCA. PONTE BOUZÓS E OURELO'.

A citada garantía figura polo tanto ingresada e pendente de devolución. Procederase a súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente.

E para que así conste e surta os efectos oportunos asino o presente informe dixitalmente ao marxe'.

TERCEIRO.- En data de 13 de xaneiro de 2020 a arquitecta técnica municipal emite informe no que conclúe que:

'Presentada no lugar, comprobo que a obra non presenta deficiencias'.

Polo exposto e en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía do 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local en materia económico-financiera, apartado 5.3, sométese a consideración da Xunta de Goberno, que se proceda á devolución do aval constituído por 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL', con NIF nº B27802503 por importe de catro mil oitenta e seis euros con corenta e nove céntimos (4.086,49 €).

INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de catro mil oitenta e seis euros con corenta e nove céntimos (4.086,49 €), depositado por 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL'.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe proposta transcrito anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850